

## RECOMENDACIÓN DE LECTURAS PARA ESTE NADAL 20-21

A mascota da biblioteca do cole CEIP Xulio Camba, Don Mexilón, recoméndavos as seguintes lecturas para que gozedes no Nadal.

### INFANTIL


#### De que cor é un bico?

A Minimoni encántalle pintar mil cousas de cores: xoaniñas vermellas, ceos azuis, plátanos amarelos... pero nunca pintou un bico. De que cor será?



#### Maruxa

Maruxa decide darlle unha lección ao seu marido. Astuta, e cunha grande habilidade no manexo da retranca, logrará que Pepiño tome consciencia de que o traballo da casa está mal repartido e consegue que cambie de actitude.



#### Así es mi corazón

Un precioso álbum homenaxe ás emocións e aos sentimentos para que os recoñezan en todas as súas formas e todas as súas cores: alegría, tristeza, calma, enfado, medo...



#### Teño dúas casas

Mamá e papá xa non viven xuntos, así que agora teño dúas casas. As miñas casas son moi chulas, e pintamos todas as paredes de cores. Gústanos escoitar música e debuxar tirados no chan, e xogar cos nosos xoguetes



## RECOMENDACIÓN DE LECTURAS PARA ESTE NADAL 20-21

--	--



### PEQUENIÑOS DE PRIMARIA

<p><b>La abuela durmiente</b></p> <p>Este libro presenta con sensibilidad, ternura e proximidade a estreita relación entre un neno e a súa avoa, que cae enferma. O ton poético do texto complétase cunhas sinxelas ilustracións de cores suaves feitas con lapis, acuarela e pastel.</p>	
<p><b>El agua</b></p> <p>Os nenos representan o futuro do noso planeta, por iso é tan importante inculcarlles desde moi pequenos o respecto polo medio natural, e esta simpática colección conségueo dunha forma sinxela e moi entretida.</p>	
<p><b>Un canguro polo nadal</b></p> <p>Catarina recibe un agasallo inesperado. O seu excéntrico tío Dingo envíalle unha caixa que se move... Será un gato? Grande de máis. O agasallo de Catarina é unha canguro á que inmediatamente chama Adelaida. E Adelaida vai revolucionar a cidade.</p>	

## RECOMENDACIÓN DE LECTURAS PARA ESTE NADAL 20-21

### Chocolate infinito

A Paula gústalle moito o Nadal, pero este ano é un Nadal raro pois os seus pais van de viaxe e déixana cos seus avós. Paula pasa o tempo pensando que cinco cousas lles pedirá aos Reis Magos, e cando chega ese día e esperta, os seus pais volveron da viaxe cunha irmanciña para ela. Un tenro álbum ilustrado para ler en familia.




## MEDIANIÑOS DE PRIMARIA

### Con calma

Ao noso ao redor, a natureza fai marabillas. Cada día, hora tras hora, suceden cousas máxicas ante nós. Pero non sempre é fácil velas...

Descubre 50 historias da natureza e observa como se desenvolven. Logo sae e comproba que te atopas cando lle dedicas un pouco de tempo a desacelerar.



### No chupes este libro


Unha maneira divertida de coñecer algúns dos microbios cos que convivimos a diario e de animar, de paso, aos máis peques a manter uns hábitos de hixiene saudables.

## RECOMENDACIÓN DE LECTURAS PARA ESTE NADAL 20-21

### Abracadabra (un truco musical)

Os Magos Rebeldes forman unha historia apaixonante centrada na maxia (ensinan algún trucos nas súas lecturas), con moi bos valores e cunha linguaxe rica sen caer no exceso.

Destaca tamén pola súa ilustración.



## AVANZADOS DE PRIMARIA

### A historia de Greta

Preparádevos para ler unha historia de esperanza, valor e determinación. Esta é a verdadeira historia de Greta Thunberg, mais tamén a de moitos outros nenos e nenas de todo o mundo dispostos a loitar contra o desinterese dos maiores, en nome dun futuro mellor. Nunca é demasiado pequeno para marcar a diferenza.



Ç  
Ç

El libro de Gianni Rodari

## RECOMENDACIÓN DE LECTURAS PARA ESTE NADAL 20-21

Blackie Books celebra o centenario do nacemento do gran Gianni Rodari, un dos mellores autores para nenos e pedagogos de todos os tempos. Para iso recompila nun mesmo volume os seus mellores contos, os seus poemas máis coñecidos, 20 novos relatos contando a súa vida, e unha serie de páxinas especiais para explicar o seu concepto de fantasía, de educación, de escola, de infancia, de lectura. Unha edición de coleccionista, enteiramente ilustrada por Marta Altés, que servirá de libro de cabeceira a pequenos e maiores.



### El ickabog

Achégase o ickabog...un monstro lendario que ameaza un reino e que poñerá a proba a valentía de dous mozos. Unha aventura orixinal sobre a amizade e a esperanza e o seu triunfo contra todo prognóstico.

